



CONCELLO DE REDONDELA

## BANDO

Por esta Alcaldía en atribución das competencias establecidas no artigo 21.1.e) da Lei reguladora das bases do réxime local, con motivo da publicación o día **01.05.2020** da Orde do Ministerio de Sanidade sobre **AS CONDICIÓN NAS QUE SE PODE REALIZAR ACTIVIDADE FÍSICA NON PROFESIONAL AO AIRE LIBRE DURANTE A SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19**, por esta Alcaldía **SE INFORMA** á veciñanza do seguinte:

**PRIMEIRO.-** Que a partir das **00.00 horas do día 02.05.2020** poderase saír do domicilio PARA REALIZAR DEPORTE INDIVIDUAL OU PASEAR, cos seguintes requisitos:

### 1. IDADE: as persoas de 14 ANOS EN ADIANTE.

#### PASEOS

- un paseo ao día
- e a unha distancia non superior a 1 quilómetro con respecto ao domicilio
- **ENTRE AS 6:00 E AS 10:00 HORAS E DAS 20:00 ÁS 23 HORAS (de 14 ata 70 anos):**

**DE 10 A 12 HORAS E DE 19 A 20 horas, os maiores de 70 anos e persoas que necesiten saír acompañados por situacións de necesidade.**

- durante os paseos poderase saír acompañado dunha soa persoa convivente ou ben cando o necesiten, por unha persoa empregada de fogar a cargo ou persoa cuidadora habitual.

#### DEPORTE (INDIVIDUAL)

- queda permitida unicamente a práctica non profesional de calquera deporte individual que non requira contacto e só poderase realizar de maneira individual.

Con todo, aquelas persoas que por necesidade teñan que saír acompañadas poderán facelo por unha persoa convivente, unha persoa empregada de fogar a cargo ou persoa cuidadora habitual.

- estando esta permitida dentro do municipio onde se reside
- unha vez ao día

**ENTRE AS 6:00 E AS 10:00 HORAS E DAS 20:00 ÁS 23 HORAS:**

**DE 10 A 12 HORAS E DE 19 A 20 horas, os maiores de 70 anos e persoas que necesiten saír acompañados por situacións de necesidade.**

#### NENAS/OS: MENORES DE 14 ANOS

- Se establece agora unha franxa horaria para os paseos da poboación infantil: **ENTRE AS 12 E AS 19 HORAS**
- unha vez ao día
- e a unha distancia non superior a 1 quilómetro con respecto ao domicilio
- por un tempo máximo dunha hora

As franxas horarias poderán excepcionalmente por razóns médicas debidamente acreditadas, así como por motivos de conciliación xustificadas dos acompañantes das persoas maiores, menores ou con discapacidade.

### 2. LUGARES PERMITIDOS: Poderase circular por calquera vía ou espazo de uso público, incluídos os espazos naturais e zonas verdes autorizadas.

Non estará permitido o acceso a instalacións deportivas pechadas.

Non se poderá facer uso de vehículo motorizado ou do transporte público para desprazarse co fin de practicar a actividade física.

### 3. REQUISITOS:

- manterse unha distancia interpersonal con terceiros de polo menos dous metros, así cumprir coas medidas de prevención e hixiene
- débense evitar os espazos concorridos, así como aqueles lugares onde poidan existir aglomeracións.
- Na medida do posible, a actividade física permitida debe realizarse de maneira continuada evitando paradas innecesarias e sendo estas polo tempo estritamente necesario.

### 4. PROHIBICIÓN: Non poderán saír a pasear ou facer deporte, as persoas que presenten síntomas ou estean en illamento domiciliario debido a un diagnóstico por COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticado de COVID-19.

**SEGUNDO.-** O Concello de Redondela recomenda a toda a veciñanza o cumprimento estrito das normas establecidas para os desprazamentos permitidos e informa que irá valorando en función da evolución da situación a reserva exclusiva para uso peonil de determinadas rúas ou zonas así como a adopción de medidas de regulación do sentido de circulación dos peóns ou a distribución de espazos públicos co fin de evitar aglomeracións.

Da totalidade das medidas adoptadas poderán ter coñecemento a través da web municipal na dirección [www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)

Teléfonos de atención do Concello de Redondela: **986400300 e 986402865; Policía Local: 986402610**

AALCALDESA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 4KXRDSMGYXENFC9ETQMJJFY7P | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1